




U.D 1.INTRODUCCIÓN Á PSICOLOXÍA_PARTE IV

María Suárez Cotelo
mariadelcarmensuarezcotelo@edu.xunta.gal

1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

Aspira a responder preguntas como:

1. En que nos diferenciamos uns de outros?
2. En que nos parecemos?
3. Que nos motiva a actuar dun determinado xeito?

En definitiva, o **obxectivo** da Psicoloxía da persoalidade é: “Comprender as causas e motivacións das formas de sentir e interpretar o mundo que teñen as persoas”.

A persoalidade **defínese** como: «o patrón de pensamentos, sentimentos e conductas que presenta unha persoa e que persiste a través de diferentes situacións».

Aínda que evoluciona ao longo da vida, ten un carácter **estable** no tempo.

A persoalidade está definida por 2 compoñentes:

1. **TEMPERAMENTO:** é a base biolóxica (bioquímica, endocrina, a estrutura neurolóxica) da persoalidade e está determinada pola herencia. Non se modifica.
2. **CARÁCTER:** É o compoñente aprendido da persoalidade. Fórmase a partir das experiencias. Polo tanto, varía ao longo da vida.

1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

1.6.1. TEORÍAS DA PERSOALIDADE:

1. Teoría da psicoanalítica da persoalidade de Sigmund Freud
2. Teoría dos rasgos de Goldberg
3. Teoría tipolóxica de Friedman e Rosenmann
4. Teoría tipolóxica de Kretschmer e Sheldon

1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

1.6.1 TEORÍA DA PERSOALIDADE SIGMUND FREUD

É unha **teoría psicoanalítica**: Esta teoría é unha das máis importantes, por ser dos primeiros estudos que se fixeron sobre este tema.

Cre que existen conflitos entre unha parte inconsciente da mente e outra consciente.

Para minimizar eses conflitos a persoa aplica estratexias e *mecanismos de defensa*.

O **CONSCIENTE**: ríxese polo mundo exterior e a lóxica.

O **INCONSCIENTE**: busca o pracer e reducir tensións.

1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

1.6.1 TEORÍA DA PERSOALIDADE SIGMUND FREUD

A persoalidade componse de 3 INSTANCIAS ou forzas:

1. **ELLO:** Parte instintiva, os impulsos por satisfacer necesidades. Pertence ao inconsciente. Ríxese polo principio de pracer.
2. **SUPERYÓ:** a parte que se desenvolve coa experiencia social e a educación. Adáptase ás normas éticas e sociais. Pertence ao consciente
3. **YO:** Confronta os impulsos coa realidade. Ríxese polo principio de realidade. É o mediador entre o “ello” e o “superyó”.

1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

1.6.1 TEORÍA DA PERSOALIDADE SIGMUND FREUD

Ocorre que xurden conflitos entre o ELLO (impulsos) e o SUPERYÓ (as convencións sociais). Nestas situacións o “YO” actúa como mediador, intentando satisfacer as necesidades pero respetando as convencións sociais.

Se o conflito non se resolve provoca angustia no individuo.

1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

1.6.2 TEORÍA DOS RASOS DE GOLDBERG

RASGO DE PERSONALIDAD: Son cada unha das características que, de forma conxunta, permiten describir como é a persoalidade de alguén.

Goldberg define a persoalidade en base a 5 rasgos: extroversión, apertura, responsabilidade, amabilidade e estabilidade emocional. En inglés:

factor O-Openness (apertura a las nuevas experiencias)

factor C- Conscientiousness (responsabilidade)

factor E- Extraversion (extroversión)

factor A- Agreeableness (amabilidade)

factor N- Neuroticism (neuroticismo o inestabilidade emocional)

Acrónimo “**OCEAN**”.

1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

1.6.2 TEORÍA DOS RASOS DE GOLDBERG

Cada rasgo ten o seu oposto. Representase como un pentágono, en cuxos 5 vértices están os 5 rasgos.

Estabilidade
emocional



Neuroticismo

Extroversión



Introversión

Apertura a la
experiencia



Cerrazón a la
experiencia

Amabilidad



No agradabilidad

Responsabilidad



Desorganización

? <https://youtu.be/nybjLdGz-mg>

1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

1.6.3 TEORÍA TIPOLÓXICA DE FRIEDMAN E ROSENMAN

Son dous cardiólogos que estableceron unha relación entre o tipo de persoalidade e a saúde cardiovascular.

Establecieren 3 tipos de persoalidade:

1. TIPO A
2. TIPO B
3. TIPO C
4. TIPO D (se engadiu máis tarde)

1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

1. PERSOAS TIPO A:

- ? Persoas autoesixentes, autocríticos, competitivos, impacientes. Son ambiciosos, especialmente no ámbito laboral.
- ? Maior probabilidade de enfermidades cardiovasculares (CV: hipertensión arterial e enfermidade coronaria).



1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

PERSOAS TIPO B:

Persoas emotivas, pacientes, reflexivas. Non son competitivas.

Teñen menor nivel de ansiedade.

Teñen menor predisposición a enfermidades CV.



1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

PERSONAS TIPO C:

Persoas reservadas, non adoitan expresar emocións. Evitan os conflitos.

Teñen unha predisposición intermedia.



1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

PERSOAS TIPO D:

Persoas que tenden á inhibición social, adoitan sentir emocións negativas (tristeza, preocupación, irritabilidade...).


Teñen alta predisposición a sufrir enfermidades CV e tamén psicolóxicas.



1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

1.6.4 TEORÍA TIPOLÓXICA DE KRETSCHMER E SHELDON

Estudiando aos seus pacientes esquizofrénicos e maníaco depresivos, observaron que existía certa correspondencia entre a estrutura somática e a psíquica; así, estableceron unha clasificación tipolóxica dobre baseada nunha relación entre morfoloxía e temperamento:



1.6 PSICOLOXÍA DA PERSOALIDADE

1.6.2 TEORÍA TIPOLÓXICA DE KRETSCHMER E SHELDON

TIPOLOXÍA MORFOLÓXICA	TIPOLOXÍA TEMPERAMENTAL
T. CICLOTÍMICO: De constitución física <i>pícnico</i> (gordos). Baixa estatura, corpulento, tronco redondo e con extremidades curtas ao igual que o pescozo. Cabeza redonda.	Bondadosos, excitables desproporcionalmente, alegres. Estado de ánimo mui cambiante.
T. ESQUIZOTÍMICO: De constitución física <i>leptosómica ou asténica</i> . Estatura elevada, tronco, extremidades e cara alongados. Mans e pes grandes.	Pouco comunicativos, retraídos, tímidos. Aparentan frialdade exteriormente; sensíbles no interior. Pouco influenciábeis por factores ambientais externos.
T. VISCOSO O EPILEPTOIDE: De constitución <i>atlética</i> (músculos e osos moi desenvolvidos).	Inestábeis emocionalmente. Tranquilos e reposados. Soberbios, pedantes...
T. DISPLÁSICO: Corresponde cun desenvolvemento corporal que se aparta do tipo medio e habitual, como por exemplo alguén con problemas de xigantismo.	Psicolóxicamente pode obedecer a calqueira dos grupos anteriormente expostos.

1.7 PSICOLOXÍA EVOLUTIVA

Estuda as diferentes **fases do desenvolvemento psíquico** no ser humano ao longo da súa vida. As características psíquicas cambian co paso do tempo, aínda que sexa dentro do patrón da persoalidade de cada un, e están condicionadas pola fase do ciclo vital na que se atope a persoa. Coñecer as características xerais de cada etapa será de utilidade para o TES permitíndolle tratar, comprender e relacionarse mellor con cada persoa dependendo da etapa na que se atope.

Evolución:

Cambios físicos y psíquicos que sufre o ser humano ao longo da súa vida. Poden ser + ou -.

Maduración (+)

Involución (-)

Desenvolvemento (talle, peso, maduración xenital...)

Aprendizaxe: debido ao ambiente, fx externos (fala).

Dexeneración ou atrofia celular.

1.7 PSICOLOXÍA EVOLUTIVA

- O desenvolvemento do ser humano é un proceso que dura toda a vida.
- Prodúcese de forma continua.
- Para o seu estudo establécense varias etapas evolutivas.
- Non se pode establecer exactamente cando comeza e acaba unha etapa, xa que inflúen diversos factores: individuais, sociais e culturais.

- Período prenatal?
- Infancia
 - 1ª infancia
 - 2ª infancia
 - 3ª infancia
- Adolescencia
- Adultez
- Senectud



1.7 PSICOLOXÍA EVOLUTIVA

1.7.1. Infancia

1ª infancia

(nacemento-3 anos)

- Necesidade de independencia.
- Oposición a todo.
- Medo ao descoñecido (barreira na comunicación co TES).

2ª infancia (3-7 anos)

- Desenvolvemento memoria e imaxinación.
- Socialización co entorno.
- Frustración ante as normas.
- Interés polo concreto-moitas preguntas “Que lle pasa a miña mama? Vas curar a miña mamá? Por que non se move?”

3ª infancia (7-12/14)

- Comezan a entender conceptos abstractos (xustiza, paz...)
- Control de emocións externas (non choran tanto)
- Aumenta a sociabilidade.
- Responsabilidade, lealtad, honradez (aprobeitar esas cualidades. Pedirle que axuden).

1.7 PSICOLOXÍA EVOLUTIVA

1.7.1. Adolescencia (dende os 14-18/19 aprox)

- Búsqueda da identidade persoal e da independencia.
- Cambio nas actitudes, valores , crenzas e intereses.
- Actividade sexual e primeiros enamoramentos.
- Ansiedades e complexos asociados ao esquema corporal.
- Agrupanse cos amigos (pandilla) e buscan o seu apoio.
- Pode que aparezan problemas nas relacións cos pais (normas, hipercríticos, rebeldía,etc).

1.7 PSICOLOXÍA EVOLUTIVA

1.7.1. Adultez (25-60 anos aprox)

O seu inicio e duración dependen de moitos factores tales como a saúde, os costumes ou hábitos de vida, o estado físico xeral, a alimentación, e un longo etc

Según varios autores, o problema fundamental que se encara na adultez é o de “xerar/producir” fronte ao “estancamento”. Respecto a xenerar, Erikson afirma que as persoas temos tres formas de xerar ou producir:

- O **procreativo**, que consiste en dar e en responder ás necesidades da seguinte xeración.
- O **productivo**, que consiste en integrar o traballo coa vida familiar e cuidar á seguinte xeración.
- O **creativo**, que consiste en facer aportacións á sociedade en gran escala.

1.7 PSICOLOXÍA EVOLUTIVA

1.7.1. Senectude (a partir dos 65 anos)

- Ademais dos cambios psicolóxicos propios da idade, hai que sumarlles a carga psicolóxica que teñen sobre as persoas tódolos cambios físicos (atrofia muscular, osteoporose, perdas pezas dentais, dexeneración neuronal, fatiga...) e os cambios sociais (xubilación, duelo, illamento...) <https://youtu.be/8fiu704KjC8>.
- O **procesamento** da información ralentízase (informar con calma, repetir...)
- Dificultade e **lentitude** á hora de resolver problemas mentais.
- **Memoria** (curto prazo) vese afectada.
- Dependendo da capacidade de adaptación de cada persoa as novas situacións sociais, a súa saúde mental atóparase en mellor ou peor estado, influindo en gran medida na súa **afectividade e emotividade**.
- A persoalidade adoita volverse **egocéntrica**, o que pode provocar rexeitamento da axuda, que se negue a admitir que a precisa.